



Outro que tamén era o mesmo xastre, un xastre, o mesmo, o , o operario. E foron coser a outra casa. Tamén tiñan fame, e de noite volveulle a dar fame, e díxolle o amo outra vez, o criado ó amo:

- Teño fame.

E, e dixou, e díxolle:

- Bueno pois mira, vaite abaixo que fixeron papas, fixeron papas e traí unhas poucas.
- E en que chas traio?
- Na ghorra.

E levou a ghorra e trouxo un, levoulle un, levou un fío, e trouxo unhas poucas papas. E naquela casa había unha vella, e o, o xastre, mentres el foi abaixo, cambioulle o, o fío po, po, polo da vella, dispensando. E entonces, veu e díxolle.

- Mi amo coma as papas.

E o, a vella taba: “fu, fu.”

E decíalle el:

- Coma as papas mi amo xa están frías, no nas sope máis que xa están frías.

E ela: “fu, fu, fu.”

Claro, ela decíalle a el:

- Pero mi amo non sope máis que xa están frías.

Chas! Chapapoullas contra a, contra a vella.

E entonces vai a vella:

- Ai dios mío que anda nesta casa!

Empezou a berrar e entonces eles escaparon, e díxolle o, o xastre a , ó criado:

- Trae esa pota / porta contigo.

E levou a pota / porta con él. Pensou que era levala e cerrala, non. E entonces, díxolle

- Trae esa, esa pota / porta contigo.
- Me cagho na cona.

(Risas)

- Ai Dios mío. Este conto é moi cochino.
- Aínda vai haber outro máis cochino.



- Trae esa porta contigo.

E el pensou que era levala e levouna ó lombo. E chegharon a unha carballeira e díxolle:

- Mi amo pésame moito a porta, a porta.

E díxolle pois mira, subamos pa riba desta, deste carballo, e trae a porta contigo tamén.

E levou a porta con él pa riba. E taban os dous enriba do carballo e chegharon unha pandilla de ladróns e puñéronse a contalos cartos, e puñéronse a facelo caldo e entonces eles taban enriba da olla.

E dixeron eles, probaron o caldo e dixeron:

- O caldo da bo pero fáltalle algunha sal.

E díxolle o amo ó criado:

- Parece mentira hombre – e díxolle él – ti, méxalle na pota.

Mexoulle na pota, e despois probaron e dixeron:

- Ahora fáltalle fariña.

Díxolle o amo ó criado:

- Tes ghana de caghare?
- Teño.
- Cághalle na pota.

E despois probala, aghora ten a fariña, ten o sal, aghora tá o caldo precioso.

E comeron-o caldo. Pero despois baicaron pa baixo e, no, despois díxolle:

- Aghora se pedimos un raio a Dios tamén nolo mandaría. Pedímoslle a sal veu, pedímoslle a fariña, veu, aghora se lle pedimos un raio ighual nolo mandaban.

E díxolle o amo ó...

- Súbete da porta (??)

Caiu da porta e escaparon todos e deixaron o, o caldo, estrafacado todo por alí adiante e os cartos todos tirados por alí, e escaparon. Despois foron a, e dixeron:

- E aghora que será dos nosos cartiños e qué será do noso caldiño, bueno o caldo non importa o caso son os cartos.

E dixo un:

- Pois vou ir mirar eu.
- Pois vai.

E cheghou alí e taban eles quentándose ó lume. Viu ó xastre. E dixéronlle el, cheghou alí e díxolle:

- E veño aquí, que, esto, esto é qué o que estades facendo.
- Pois tamos facendo que, que eu son médico e este é o operario meu.

- E pois eu non me encontro nada ben.
- Pois bota a lengüiña fóra.

E vaise pensou que lle quería mordere, e botoulle a lingua fóra e cortoulla cas tixeiras, e marchou sin poder falare e despois “bababa”, “bababa”. E, e os outros, canto máis corría el atrás deles, máis escapaban os outros. E inda tán, inda tán correndo hoxe.

- E vinos eu que iban por aí abaixo.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades